

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 7 DE OUTUBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:09 horas do día 7 de outubro de 2010, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretaria accidental:

Dona Sonia Corral Corral.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º.- Resolución da alegación presentada e aprobación definitiva do estudo de detalle APE 22.

Logo de ver o informe de Secretaría de data 26 de agosto de 2010.

Logo de ver a proposta de ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial do concelleiro de urbanismo de data 20 de setembro de 2010.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 23 de setembro de 2010 que, transcrito literalmente di:

“Primeiro: Desestimar a alegación presentada por D. Evaristo Pérez Romero en relación co expediente de aprobación de Estudio de Detalle da A.P.E.-22 proposto pola Sociedade Mercantil Bestarruza S.L. polos motivos expresados no informe dos servizos técnicos municipais de 3 de maio de 2010.

Segundo: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da A.P.E.-22 proposto por Sociedade Mercantil Bestarruza S.L., para desenvolver o Plan Xeral de ordenación municipal, quedando extinguida a suspensión de licenzas.

Terceiro: Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudio de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Notificar o presente acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudio de Detalle.

Quinto: Comunicar á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudio de Detalle da A.P.E.-22, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

Sexto: Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e firmar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.”

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada por D. Evaristo Pérez Romero en relación co expediente de aprobación de Estudio de Detalle da A.P.E.-22 proposto pola Sociedade Mercantil Bestarruza S.L. polos motivos expresados no informe dos servizos técnicos municipais de 3 de maio de 2010.

Segundo: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da A.P.E.-22 proposto por Sociedade Mercantil Bestarruza S.L., para desenvolver o Plan Xeral de ordenación municipal, quedando extinguida a suspensión de licenzas.

Terceiro: Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do Estudio de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Notificar o presente acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudio de Detalle.

Quinto: Comunicar á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Estudio de Detalle da A.P.E.-22, á vez que se lle da traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

Sexto: Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e firmar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

2º.- Moción do grupo municipal do PP sobre a Modificación do artigo 14.2 do Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 27 de setembro de 2010 que, transcrito literalmente di:

“1º.- Instar al Gobierno de España a que modifique la redacción del artículo 14.2 del Real Decreto Ley 10/2010, suprimiendo la prohibición genérica de endeudamiento de las Entidades

Locales para el ejercicio 2011, por una limitación de la misma, de acuerdo con las siguientes condiciones:

Primero.- Los ayuntamientos, Diputaciones, Consejos y Cabildos Insulares se comprometen a coadyuvar a la reducción del déficit público y al control del crecimiento de la deuda pública, y por eso asumen la necesidad de controlar el crecimiento de la deuda local, en función del volumen de deuda de cada uno de ellos en el momento actual.

Segundo.- Tomando como referencia el stock de deuda de cada entidad a 31 de diciembre de 2010, calculado conforme a los criterios del Protocolo de Déficit Excesivo, -metodología aplicada por el Banco de España y por el Banco Central Europeo-, las Entidades Locales no podrán iniciar nuevas inversiones en 2011 financiadas con endeudamiento, pero sí podrán continuar financiando con este recurso la ejecución de los contratos, incluidos los plurianuales, que hubiesen sido adjudicados antes de la entrada en vigor del Real Decreto-ley 8/2010. sólo en el caso de las obras cofinanciadas con recursos externos a la Entidad Local, podrá acudir a su financiación con endeudamiento, con independencia de cual sea su fecha de adjudicación.

Tercero.- Reivindicar una financiación justa y suficiente para las haciendas locales que permita mantener el nivel y calidad de los servicios que prestan en beneficio de los ciudadanos.

2º.- Remitir el acuerdo a la FEMP para su posterior traslado a la Vicepresidencia 2ª, Vicepresidencia 3ª del gobierno de España y Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso de los diputados y del Senado.”

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido expón que van retirar a moción momentaneamente á espera do que faga o presidente do goberno, xa que semella que o goberno vai dar marcha atrás e que non saben coma vai quedar ao final o Real decreto-lei, que se vai quedar coma está respecto da redución do déficit, no senso de non se endebedar os concellos, nin sequera para financiar obras que ao mellor xa están en curso, que parece ser que atendendo ao nivel de endebedamento dos concellos o goberno vai dar marcha atrás, polo que van esperar a ver qué sucede.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 621/2010 de data 27 de agosto ata a número 687/2010 de data 23 de setembro.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 621/2010 de data 27 de agosto ata a número 687/2010 de data 23 de setembro de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

2º.- Mocións.

2º.1.- Moción do grupo municipal do BNG para esixir o mantemento do noitebus.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia ven determinada porque nestes

momentos estanse a elaborar os orzamentos da comunidade autónoma e o Presidente da Xunta de Galicia ten manifestado publicamente que o gasto do noitebus é un gasto prescindible e na opinión do seu grupo trátase dun gasto necesario, coincidindo coa DGT ou coa Asociación Stop Accidentes, que pensa que a xuventude de Fene merece poder dispor deste servizo para se desprazar a fin de semana e que o Pleno de Fene debe manifestarse neste mesmo senso.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN PARA EXIXIR O MANTEMENTO DO NOITEBUS

O PP, a través da Xunta de Galiza, vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como Noitebus. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a sinistralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir.

É lamentábel, á par que unha irresponsabilidade, escoitar do Presidente do Goberno Galego que “este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas”, cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) AFIRMA QUE “este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademais de contribuíu a eliminar vítimas e a concienciar sobre a condución segura”. Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno do PP de “desastre”, para engadir que “sempre é máis barato previr que lamentar”.

O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do rozamento da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno do PP está a facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

Fene, 5 de setembro de 2010
O Portavoz do BNG
Manuel Polo Gundín”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, dicindo que entenden que o custe deste servizo é rendible dende o punto de vista de que moita xente nova se despraza dende o noso concello a Pontedeume, Ares, Mugardos ou Ferrol en traxectos de ida e volta, que entenden tamén que esta é unha forma moi positiva para que a xuventude poida desprazarse nas fins de semana e que non comparten que catro coma cinco millóns de euros para un país sexa un gasto, entendido coma dispendio, cando en moitas ocasión se gasta dende a propia Xunta moitos cartos en propaganda que non salvan vidas en ningún caso.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que manifesta que se van abster respecto desta moción, que estas son as mocións a que lles ten acostumado o BNG baseadas en declaracións á prensa ou na televisión, que coma ben dixo o portavoz do Bloque estanse a preparar os orzamentos e que non se sabe aínda se isto vai ser así e que el saiba ou o que ten oído é a intención de eliminar determinadas liñas que practicamente non se usan, xa que un autobús con dúas persoas supón un gasto non asumible, que outra cousa son as liñas que teñen unha demanda importante, liñas que dende o partido popular non están de acordo tampouco en que se supriman. Prosegue dicindo que respecto do gasto de catro con cinco millóns de euros dicindo que todos se teñen que acordar do que se gastaba dende a Vicepresidencia da Xunta en publicidade. Que pensa que se trata dunha moción preventiva, que non hai nada establecido nin feito, que se basean en consideracións formuladas nos medios de comunicación e que eles son partidarios de manter as liñas que teñan demanda.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que se vai abster, aínda que coma ben di o voceiro do partido popular non hai nada feito neste asunto, e coma di a moción está de acordo en instar a Xunta para que manteña aqueles servizos ou liñas xa que evitan o número de accidentes.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que dende o partido socialista van votar a favor da moción xa que entenden que é un servizo posto en marcha polo anterior goberno galego que resultou totalmente exitoso respecto do número de usuarios e que aínda que é difícil de cuantificar, tivo éxito tamén na prevención de accidentes da mocidade, que entenden que é un paso máis da política que está a pór en marcha o partido popular en Galicia dende que chegou ao poder que é desmantelar todos aqueles servizos financiados polo goberno galego, pensados en mellorar a calidade de vida do conxunto da cidadanía e poñer en práctica unha política de dereitas, propia do partido popular cando goberna, que consiste en que cada quen se busque a vida e que cada quen se pague aqueles servizos en función do que teña cada quen, que comezou coa supresión da gratuidade dos libros de texto, continuou paralizano a construción de escolas infantís de cero a tres anos en Galiza, suprimindo o Servizo Galego de Igualdade, suprimindo o Consorcio Galego de Servizos Sociais e porque non o noitebus, que coma dicía a conselleira, se a xente ten cartos para pagar copas que pague o bus tamén, que é un xeito de razoar que eles non o comparten, que eles entenden que a sinistralidade e mortalidade nos accidentes de tráfico entre a xente moza é un problema dos máis importantes que ten este país e que é evidente que o noitebus é un instrumento eficaz e un instrumento que axudou a loitar contra esa lacra durante os anos de goberno do anterior goberno da Xunta de Galicia, práctica que se está a pór en marcha no resto de comunidades autónomas con todo éxito e que parece que en Galicia o déficit da comunidade autónoma é o que custa o noitebus, que é unha cantidade irrisoria para o que son os orzamentos da comunidade autónoma, polo tanto para eles, igual que estiveron en contra de todas as medidas que citou antes que supoñían equiparar dereitos e deberes dos cidadáns deste país, tamén están en contra da supresión do noitebus, polo que van votar a favor desta moción, ademais de que Fene é un dos Concellos directamente afectados, no que moitos mozos e mozas usaban este servizo.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que as declaracións do presidente da Xunta de Galicia cando di que é un dispendio gastar cartos no noctibus lles parecen preocupantes, xa que non di que se vaian suprimir as liñas que teñen poucos usuarios, que el comparte esa eficacia na Administración, que a cuestión non ten que ser contratar por contratar, que incluso en moitos casos coma é no noso concello poderíase reforzar, durante o verán, co transporte de cercanías do tren entre Fene e Pontedeume, que se funcionase se usaría, que tamén se pode falar das competencias en tráfico, que o seu grupo considera que deberían ser outras, que hai moitas medidas pero que se está a falar dunha resposta política a unha situación concreta, da declaración do Presidente e dende o seu grupo entenden que son inaceptables, que é importante que o debate cale na sociedade e que a crise semella que vai levar a culpa de todo o que se fai, que hai moitas cousas que se poden facer a pesar da crise, pero se está a falar dunha cantidade de cartos pequena dentro do que é o montante total do orzamento da comunidade.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, quen, unha vez concedido manifesta que pensa que se deben manter aquelas liñas que sexan rendibles, que non se pode estar paseando un bus de sesenta e cinco prazas con dúas persoas e que se este é o recorte que coma se di que vai ser, evidentemente, se debaterá no Parlamento de Galicia e alí os distintos grupos políticos negociarán este asunto e no suposto de que isto fose así, xa que se está a falar só da hipótese sobre unha nova que sae en prensa, que cando se debatan os orzamentos xa se verá se existe ou non. Prosegue dicindo respecto de que se o partido popular recorta, coma di o señor alcalde que fai, non debe manifestarse neste senso, xa que máis recorta o señor Zapatero co tema das pensións ou agora co tema do carbón.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que hai que optimizar o servizo xa que coma di o voceiro do partido popular non se pode soste autobuses grandes con poucos usuarios, que haberá que pór en todo caso autobuses máis pequenos, que é algo de sentido común.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que o nivel de pensións de hoxe en día é moito mellor que o que o señor Rajoy aventurou que podía poñer, ademais doutro tipo de medidas económicas que anunciou para o caso de que gobernase, que respecto do tema do noctibus di que para el, falar de rendibilidade económica lle parece un tanto absurdo, xa que a rendibilidade é social e non económica, pero que coma sempre pasa sempre coas políticas sociais, o PP non as entende, que precisamente os cartos que se gastan non son gastos se non que son investimentos, que para el se hai unha liña na que só hai dous usuarios, que pode ser xa, que non o sabe, habería que poñer un microbus, que habería que manter a liña, xa que lle sigue a parecer rendible a seguridade deses usuarios. Prosegue a dicindo que non son hipóteses as declaracións daqueles que teñen que facer e decidir os orzamentos e o que se vai poñer en marcha o ano que ven e din publicamente que se van reducir nalgunha zonas o servizo de noctibus e que noutras se vai sacar o carácter gratuíto daquel, que non é unha hipótese, que é que o vai facer. Di que o seu grupo avoga polo mantemento de todas as liñas e polo carácter gratuíto daquel, polo que o partido socialista vai votar a favor desta medida.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG para esixir o mantemento do noctibus, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Rey Sampayo, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López e Pico Sanmartín).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Cinco (5), (dos sres/as. Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do servizo de transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

2º.2.- Moción do grupo municipal do BNG relativa á comparecencia do Presidente da Comisión de Desenvolvemento Territorial.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia ven determinada porque o seu grupo ten solicitado por rexistro unha serie de preguntas dende hai varios meses, unha parte moi importante neste derradeiro mes, que teñen feito moitas preguntas nas Comisións relativas a toda a Área de Desenvolvemento Territorial que inclúen urbanismo, obras, medio ambiente e a maioría das preguntas están sen contestar ou sen resolver. Di que na mesma liña que fixeron en marzo deste ano, no que pediron unha comparecencia especificamente para a situación dos plans de obras queren pedir a comparecencia do concelleiro por eses plans de obras e por todo o demais que está pendente, unhas cousas dende fai un ano, outras dende fai dous e outras dende fai tres, que ven que se seguen a acumular e están sen resolver, que non só é ir a prensa para denunciar que isto non funciona ou o que lles preocupa, que deste xeito hai un mes de prazo, cando menos, para preparar un pouco cal é a situación, para que se explique aquí cousas que non se explican nas Comisións, que coma son a porta pechada, non se explican, que estas queixan veñen dende hai moito tempo, que hai ausencia de información nas Comisións Informativas, que hai ausencia de formalidade na convocatoria daquelas Comisións e da ausencia de rigor das respostas, polo que eles, segundo o disposto no Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais unha das funcións que ten a oposición é a de traer unha proposta de inclusión na orde do día do seguinte Pleno, que é esta comparecencia para dar información dunha Área concreta.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Sejjido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda a urxencia do asunto.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Fene presenta para o seu debate e aprobación a seguinte moción relativa á comparecencia do Presidente da Comisión de desenvolvemento territorial.

Exposición de motivos

O Concello de Fene padece un atraso, cando non unha parálise, nunha das áreas máis importantes do concello. A Comisión de desenvolvemento territorial que inclúe as delegacións de Obras, Urbanismo, Servizos e Medio ambiente carece do ritmo de traballo que o noso pobo merece. A nosa veciñanza e as persoas emprendedoras que montan novos negocios ven con decepción como o Concello non responde ás súas necesidades. No aspecto das tramitacións de licenzas, e a pesar do gran descenso da solicitudes no últimos dous anos, seguen a demorarse sen explicación e sen información ao BNG nin aos veciños, tanto as licenzas de obras maiores e menores, por non falar de licenzas de actividade ou de primeira ocupación que a penas se moven dende hai tres anos.

A delegación de servizos atópase abandonada, non se escoitan as demandas dos veciños, non se programan os traballos de mantemento, non se fan plans de rebacheos ou dos desbroces, nin se coordinan as quendas de traballo e vacacións do persoal, por non falar dos contratos “a dedo” carentes de orzamento, de proposta de gasto e das condicións mínimas a cumprir polas empresas subcontratadas.

Na delegación de obras vemos que aínda non se iniciaron as obras do POS 2007, e ningunha das posteriores aprobadas e con orzamento coa excepción do Plan E 2009 e parte das obras do FEESL, tampouco se comezaron as obras do PCC 2008-2011. A Delegación de obras non foi quen de iniciar nin unha soa actuación dos convenios asinados coa deputación.

Por último desde o BNG vemos con preocupación como esta Área de desenvolvemento territorial non se coordina coas delegación de Persoal, Contratación ou Medio ambiente, o cal incrementa a súa ineficacia.

Solicitamos, ao abeiro do artigo 104 do ROF, a adopción do seguinte acordo:

1.-Incluír na orde do día do seguinte pleno municipal o seguinte asunto .- Solicitud de información ao Presidente da comisión de desenvolvemento territorial relativas ás delegacións da súa competencia.

Fene 7 de outubro de 2010
Manuel Polo Gundín.
Portavoz do grupo municipal do BNG.”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, dicindo que na Área de Urbanismo non se está a responder das licenzas de obra coa seriedade debida, nin das menores nin das maiores, das licenzas de actividade e das licenzas de primeira ocupación das vivendas que non se dan explicacións dende fai moito tempo e tampouco se dá unha explicación destas situacións; que na Concellería de Servizos non se atende aos veciños, que non se atenden a inmensa maioría das necesidades que fan falla, que non se fan plans nin de rebacheos, nin de desbroces, nin se coordinan as axendas de traballo de persoal desta área por non falar da realización de contratos a dedo, carentes de orzamento, que despois hipotecan as empresas que traballan para o Concello, ás que non se lle esixen as condicións mínimas para a realización destes traballos que fan que ao final se dea un cúmulo de despropósitos e de débedas e de cousas sen facer. Di que na Área de Obras o Plan de Obras da Deputación Provincial aprobado no ano dous mil sete segue sen se adxudicar e o prazo

para contratar as obras remata en novembro, que de todos os Plans, se fixo o Plan E o ano pasado, parte do Fondo Estatal deste ano e non se fixo ningunha actuación das obras do PCC, non se fixo ningunha obra conveniada coa Deputación Provincial, que se está a falar de millóns de euros entre todas elas, que son obras boas para os veciños, que veñen a dinamizar a economía e que son boas para resolver problemas que agora existen no Concello, ademais de salientar que esta Área carece totalmente de coordinación a nivel de persoal, de contratación e demais, que tan só hai que ver as Resolucións da Alcaldía de hoxe para ver que había unha mesa de contratación para a adxudicación da obra do Muro das Chancas do POS 2007 que se convoca para o trece de setembro e que se olvidan de convocar á xente e que tamén hai outra convocatoria para a semana que ven, que se perdeu neste caso un mes máis, aínda que á prensa xa se lle anunciou que se ía contratar xa, que a petición de comparecencia é para explicar no Pleno o que non se explica nas Comisións, que hai ineficacia e ineficiencia polo que piden que se inclúa na orde do día, con tempo e con calma, que eles van intentar pasarlle ao goberno as preguntas que lles van facer, que hai moitos problemas de veciños e veciñas que non se atenderon nunca, que hai cousas que xa non se poden resolver pero outras aínda si, polo que dende o seu punto de vista o Presidente da Comisión ten que comparecer no Pleno para dar explicacións de como funciona esa Área logo de coordinarse cos concelleiros delegados da súa área, que é tan importante.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que manifesta que o seu partido vai votar a favor desta moción porque non se están a executar as obras, e por exemplo, lles parece dunha gravidade extrema a obra do cambio do saneamento e abastecemento na Porta do Sol, ademais das preguntas que realizaron, que moitas delas van referidas á falla de actividade. Di que fai seis ou sete meses se lles facilitou un listado coas obras pendentes de cada un dos plans provinciais e propón engadir a esta moción, se o BNG o considera oportuno, que ese listado de obras pendentes se lles dea na Comisión Informativa anterior ao Pleno actualizado, polo menos para ver e saber antes de chegar ao Pleno as obras dos plans provinciais e o grao de execución, a súa tramitación administrativa ou o que haxa pendente para que o venres anterior ao Pleno saiban cómo están as cousas e ter unha semana de marxe para vir ao Pleno con coñecemento de causa, que aínda que se acepte ou non esta modificación o partido popular vai votar a favor. Prosegue dicindo que por outro lado teñen a inquedaanza do manifestado, de que nas Comisións escasamente van un ou dous escritos e que son conscientes de que os veciños están a reclamar e presentando escritos, que teñen chegado a reunións nas que eles teñen solicitado, por exemplo, reformas de amaños que hai que facer en colexios e institutos que teñen solicitado hai moito tempo e non lles chega, que por iso na última reunión que houbo se lles dixo que nas Comisións non se da conta disto, e para iso están as actas para as revisar.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que vai votar a favor, que cando se iniciou a lexislatura se constituíron catro Comisións e el pensou que nelas se ía dar conta de moitas cousas, pero o certo é que chegan moi poucos escritos, polo que a comparecencia é moi necesaria, que se ve que nos Plenos se fan moitas preguntas pola falla de información nas Comisións, que nunha situación normal nos Plenos non habería que facer tanta pregunta.

De seguido intervén o sr. alcalde e di que o partido socialista vai votar en contra desta moción porque entenden que é nas Comisións Informativas onde os órganos de goberno dan conta da xestión das súas áreas e onde a oposición ten tamén a facultade de control xunto con este Pleno para poder controlar as accións dos distintos concelleiros e entenden que ese é o mecanismo, que en todo caso, coma xa fixeron na anterior ocasión na que se debateu algo semellante no Pleno, eles non teñen ningún problema por dar explicacións e falar e aclara, respecto a resolución da Alcaldía para a convocatoria da mesa do Muro das Chancas, que se inclúe no PCP que é o primeiro plan provincial que hai que sacar adiante e que xa está en

marcha, en fase de contratación e non paralizado, que houbo dúas convocatorias, pero que non é porque se esqueceran ou non se convocase a ninguén, se non que cando os servizos do Concello redactan a convocatoria, detectouse unha errata na convocatoria, xa que os prazos que hai que cumprir son perfectamente verificables e que son os que son, polo que non se podía celebrar a mesa en setembro se non que tiñan que ser no mes de outubro, pero que en ningún caso é o que se dixo de que se esqueceran de convocar a ninguén. Prosegue dicindo que respecto do tema dos plans se debaterán no vindeiro Pleno e cando haxa a comparecencia e se verá cada un dos asuntos e cada unha das obras, pero saben perfectamente que os plans provinciais están exactamente igual que estaban e teñen as mesmas dificultades que tiñan, que o último plan que o BNG aprobou cando gobernaba tamén o houbo que desbloquear inicialmente, que en todo caso están en marcha na Deputación Provincial, que os que a Deputación resolveu, que son os do ano dous mil sete, están en fase de contratación no Concello e os restantes están pendentes de que a Deputación resolva as obras, que tan pronto como cheguen ao Concello serán iniciadas as contratacións, polo que insiste en que eles votarán en contra, xa que nas Comisións Informativas se dá resposta a estes asuntos, que en todo caso a oposición ten a labor de control que pode exercer con mocións coma esta e que será exercida porque a moción sairá adiante.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedida di que comparten a iniciativa formulada polo voceiro do grupo popular, que teñen o listado de obras pero non saben se houbo modificacións ou variacións daquelas, polo que aceptan a incorporación á moción da proposta do PP. Prosegue dicindo respecto das convocatorias da mesa de contratación di que as datas das resolucións son de trece, vinte e dous e trinta de setembro e trece de outubro, que hai un barullo de datas e isto, que isto o impulsa o presidente da comisión e se deduce que non se entera, polo que por iso piden a súa comparecencia, xa que se oculta información e que isto non é nada desproporcionado, que é a súa función e que é a súa obriga ter información que a xente lles pide, que piden información por rexistro e non se lles dá conta, que iso non é transparencia, nin democracia, nin atende ao sentido común, que lles preocupa sobre maneira as grandes obras que están pendentes, que ben pode ascender a tres millóns de euros, pero tamén as cousas miúdas, e non é este o sitio de facer corenta preguntas sobre rebacheos, camiños, fochas e furaos, se non que lle van preguntar sobre o plan de rebacheos que comentou o outro día e que non fixo, que lle van preguntar polos plans de desbroces que non se fixeron, dentro do apartado de servizos, que respecto a urbanismo vanlle preguntar porque están paralizadas as licenzas e cando se pensan sacar adiante, xa que os problemas de hai un ano teoricamente non os debería de haber agora, que queren que se lles explique a falla de coordinación entre as Áreas e a falla de explicación nas Comisións Informativas, que se non fóra así sería absolutamente innecesario, coma ben dicía o voceiro de EU, pero o que pasa e que non se escoitan os problemas e se intenta tirar para adiante sen resolver, e iso, baixo ningún concepto é o xeito que eles entenden de facer política nun concello.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedida di que respecto da súa petición do listado actualizado do avance das obras aínda se debería ir máis alá, xa que ben podería ser mensual o de ir dando conta dos avances das obras mes a mes, que se isto non se fai eles non teñen o número da abondo para o poder esixir, di que aquí se lle está a votar toda a culpa ao concelleiro, e aínda que a ten non a ten toda, a culpa tamén é do alcalde, que debía dedicar parte do seu tempo a facer xestións administrativas para sacar adiante os seus proxectos, e respecto das licenzas de urbanismo, di que ben é sabido que agora hai un funcionario superior máis para sacar adiante este tema e por todo isto van votar a favor da moción.

De seguido intervén o sr. alcalde e di que para deixar aclarado o tema da convocatoria da mesa de contratación, a resolución da Alcaldía é de vintedous de setembro e se convoca a

mesa para o trece de setembro, co que é evidente que non se pode convocar, que o prazo para presentar ofertas das empresas era ata o vinte e tres de setembro, polo que se deduce que é unha errata, que non é que se esquecera a notificación e non se puidera celebrar, coma se dixo inicialmente. Prosegue dicindo que no vindeiro Pleno se traerá por parte da Concellería de Obras todo o que se lle require e se dará conta, que respecto das licenzas, aínda que non hai problema en xustificar como están cada unha delas, lle di ao portavoz do PP que neste país todo o mundo se enterou de que hai unha crise inmobiliaria, que por iso é evidente que hoxe entran no Concello menos licenzas que hai tres anos xa que non se constrúe o mesmo que hai tres anos, e tamén di que a situación das licenzas, precisamente, a raíz de contratar á técnica de administración xeral, que os tempos de espera son moito menores que os que eran hai un ano e que as licenzas pendentes de concesión son moitas menos que as que había hai un ano, polo tanto di que si se axilizou, que si se mellorou e si se está nunha fase máis que aceptable, que obviamente terá que seguir mellorando xa que había un atasco administrativo importante, do que xa se falou neste Pleno en moitas ocasións e pouco a pouco se vai axilizando pero haberá unha relación de licenzas pendentes neste Concello. Di que sobre as obras que fai a Xunta en Fene, que pola súa parte el está encantado de que asfalten estradas, de que amañen a estrada do Penedo que levaba moitos anos mal e de que amañen algunha máis que teñen que amañar, pero tamén di que se podían lembrar da segunda escola infantil, da escola de ensaio, das augas de Magalofes e do saneamento de San Marcos, que tampouco estaría de máis, e el non se negaría a que a Xunta fixera esas obras, pero que en todo caso, no próximo Pleno se falará de todos estes asuntos e dos plans provinciais que xa se falan outras moitas veces neste Concello, e di que a diferenza que había entre este Concello e os demais Concellos da provincia a saben todos os grupos municipais que están aquí presentes e que Fene era o único Concello da provincia que levaba á Deputación Provincial os informes xurídicos desfavorables sobre as obras dos plans provinciais, obras idénticas que se facían noutros Concellos e di que non vai entrar a valorar en contra do criterio da persoa que facía eses informes, di que era o seu, pero que en todo caso esa foi a razón que dificultou a aprobación deses plans provinciais inicialmente e que grazas a colaboración co goberno provincial eses plans están aí, non se van perder e se van poder executar.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedida di que só quere salientar que nos derradeiros tres anos non se concedeu ningunha licenza de actividade ou de primeira ocupación, que están as actas da Xunta de Goberno Local para as ler e non se concedeu ningunha, que e as licenzas de obra, a pesar de que non haber presión urbanística pasan da Comisión de Urbanismo e tardan tres meses en ir a Xunta de Goberno, tres meses en moverse dunha sala a outra e non pode ser que o veciño tarde catro ou cinco meses en ter unha resposta para pintar o edificio ou poñer catro uralitas, polo que solicita ao sr. alcalde que non responda polo que non fai o seu concelleiro, que traballe.

De seguido intervén o sr. alcalde e manifesta que xa se verán os prazos de expedición de licenzas cando gobernaba o BNG e en que prazos se está agora, que en todo caso se falará no próximo Pleno.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG para esixir o mantemento do noitebus, xunto a emenda proposta polo grupo municipal do PP, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro. Incluír na orde do día do seguinte Pleno municipal o seguinte asunto .- Solicitud de información ao Presidente da Comisión de Desenvolvemento Territorial relativas ás delegacións da súa competencia.

Segundo. Facilitar un listado das obras pendentes actualizado e entregalo na Comisión Informativa anterior ao Pleno.

2º.3.- Moción do grupo municipal do BNG relativa á comparecencia da Concelleira delegada da emisora municipal.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a urxencia é a mesma que a exposta no punto anterior.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Sejjido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda a urxencia do asunto.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín fai uso da palabra e pasa a dar lectura da moción, que transcrita literalmente di:

“Manuel Polo Gundín, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Fene presenta para o seu debate e aprobación a seguinte moción relativa á comparecencia da Concellaría delegada da emisora municipal.

Exposición de motivos

O Concello de Fene ten sido pioneiro na implantación dunha emisora municipal. A continuidade e a calidade da mesma é de tal importancia que é o referente das emisoras locais galegas. O servizo público que ofrece aos nosos veciños e veciñas, o tratamento plural da información local e comarcal e os espazos e programas adicados ás diferentes activiaddes municipais e comarcais tanto das diferentes administracións como, sobre todo, do movemento asociativo é único nas emisoras de radio. O espazo que ocupa Radio Fene non ten competencia privada nin pública de emisora algunha.

Este posicionamento aventaxado de Radio Fene ven de ser minguado por unha decisión da Concellería delegada. Desde esta delegación decidiuse unilateralmente reducir de 5 a 3 os profesionais que desenvolvían a programación da radio. Desde o GM do BNG solicitamos que se convocase un Consello da Radio o día 7 de setembro para obter información relativa aos cambios que se estaban a producir na Radio. Posteriormente e revisado o Rexistro municipal e visto o intercambio de escritos entre a Concelleira delegada e o encargado da emisora solicitamos por escrito no rexistro a seguinte información,

- 1.- Cal vai ser a nova programación da emisora municipal?
- 2.-En que niveis se vai ver afectada a mesma cos cambios realizados unilateralmente pola concelleira delegada?
- 3.-Que modalidade de contrato teñen o traballador e traballadora da emisora municipal recentemente desprazados do seu posto de traballo?
- 4.-Que tarefas ou funcións indican os mesmos?
- 5.-Que tarefas ou funcións están desempeñando e en que departamentos?
- 6.-Quen determinou estas novas funcións e a que necesidades novas responden?
- 7.-Existe algún informe xurídico que avale estes cambios de posto de traballo?
- 8.-No caso de non existir informe xurídico relativo aos cambios realizados que garanta que estes se axustán aos criterios de mérito, capacidade e igualdade no acceso ao emprego público, ten pensado solicitalo?

A día de hoxe non se ten convocado o Consello da Radio nin se teñen respostado a ningunha das preguntas formuladas, é polo que desde o GM do BNG

Solicitamos, ao abeiro do artigo 104 do ROF, a adopción do seguinte acordo:

- 1.-Incluír na orde do día do seguinte pleno municipal o seguinte asunto .- Solicitud de información, á Concellería delegada da radio municipal, relativa aos trocos na mesma.

Fene 7 de outubro de 2010
Manuel Polo Gundín.
Portavoz do grupo municipal do BNG.”

Continúa o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, dicindo que a cuestión é clara, que este Concello conta cun organismo que é o Consello de Participación da Radio, un consello asesor, cunha pluralidade na súa composición dos grupos políticos e dos veciños a través das asociacións, que a cuestión é que non se convoca ese organismo cando se fan cambios, e que coma non se responden as preguntas nin se convoca o Consello, eles coma grupo político teñen dereito a ter información do porqué de determinados cambios ou eliminación de determinados programas, que por iso presentan esta moción para que se convoque o Consello da Radio e para que lles dean explicacións neste Pleno.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que manifesta que van votar a favor desta moción e tamén van propor unha pequena emenda, que aínda que non se acepte, tamén a votarán a favor da moción, que a eles hai unha cousa que lles preocupa moito respecto deste tema, que teñen pedido en rexistro e non sabe si se lles vai facilitar ou non, que se polo tema da protección de datos se vai poder acceder ou non, xa que queren ver os contratos das persoas que foron trasladadas para ter unha opinión ao respecto, que non saben como está esta contratación e que iso pode ter unhas consecuencias xurídicas moi evidentes, que teñen pedido por rexistro copia deses contratos e tamén pediron que se lles achegara o informe xurídico, que xa saben que hai un informe xurídico externo, que non se emitiu informe xurídico por parte do persoal deste Concello, que en Secretaría non consta. Prosegue dicindo que hai outra cousa que lles

preocupa, que teñen solicitado dende hai tempo os datos sobre a publicidade dende o ano dous mil sete que xestionou unha empresa, e que teñen solicitado que se lles facilite o contrato con esa empresa, que tamén como se dixo o outro día na televisión Radio Fene ten cinco empregados e que agora con este traslado pasa a ter tres, que si se fai un aforro de custes, recortes e demais. Prosegue dicindo que eles non están moi de acordo en como se levan as cousas en Radio Fene, pero que hai que ter un control de cómo están, que logo do traslado polos motivos que sexan queda a radio con tres persoas, que iso non é certo, xa que eles ven que entran e saen unha cantidade de xente da emisora que el xa non coñece nin saben quen son, pero que si usan os ordenadores é que están, e facendo algo están, entón eles queren saber a situación contractual e xurídica desas persoas, porque non é normal que estean usando as instalacións de Radio Fene sen máis e que o propio goberno municipal, preguntado moitas veces por isto, non responde en absoluto a que obedece que esas persoas estean aí, polo que eles propoñen que se engada á moción que se incorpore un informe sobre o persoal que accede as instalacións de Radio Fene e a súa situación contractual e que se entregue previamente na Comisión para logo debater neste Pleno.

De seguido intervén o sr. alcalde para preguntarlle ao voceiro do grupo municipal do PP que concrete o punto número dous que se engadiría a esta moción.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal, contéstalle que o punto número dous quedaría redactado coma segue: "Informe previo na Comisión sobre o persoal que accede e presta servizos en Radio Fene e a súa situación contractual", independentemente dos cinco que xa saben que son empregados de Radio Fene, ou dos tres que hai agora.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que coinciden totalmente coa moción, moción que tamén ían presentar eles e tamén lle parece moi conveniente ter a información a que se refire o voceiro do grupo municipal do PP, que eles xa dixeran que solicitaban a reposición dos traballadores aos postos nos que estaban así coma a reposición dos programas que había, concretamente dos programas deportivos, que tamén fan unha labor social tamén moi importante, que semella difícil que o traballo que antes facían cinco persoas agora o poidan facer tres.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que eles van votar en contra desta moción xa que entenden que na última Comisión Informativa lle deron resposta a todas estas cuestións agás a que está pedida por parte do partido popular por escrito que, segundo o dito a este, están pendentes de comprobar que sexa legal ou non facilitar copia dos contratos dos traballadores do Concello, pero que si o é, non teñen problema en facilitalos. Di que tampouco se vai estender moito en explicar os cambios en Radio Fene, xa que no vindeiro Pleno a concelleira terá ocasión de facelo nese punto e que ademais xa hai unha palabra pedida ao final deste Pleno no que poderán falar deste asunto, pero quere matizar que é certo que se solicitou a convocatoria do Consello da Radio e que non está convocado porque coma xa dixera a anterior secretaria do Concello e verbalmente xa se ten falado coa actual Secretaría, hai certas dúbidas sobre a legalidade ou o axuste a dereito dos propios estatutos de Radio Fene e do propio Consello da Radio que emana deses estatutos, ademais da caducidade dos seus membros, que sería o menos importante á hora de podelo convocar, que en todo caso as delegacións da radio municipal forman parte, neste caso da Concelleira de Cultura, Xuventude e Ensino que na propia Comisión Informativa pode dar conta delas e que se lle pode formular calquera tipo de cuestión, que os grupos da oposición poden controlar cal é o funcionamento da radio independentemente do propio Consello, que eles polo tanto sempre dixeran que remitían todos estes asuntos á propia Comisión Informativa. Respecto do segundo punto que engade o partido popular, di que na radio, e que eles o saben perfectamente, que o que se atoparon foi unha situación creada, que tres anos despois están a descifrar moitos dos seus

aspectos, moitos aínda a día de hoxe, que eles non teñen ningún inconveniente en ver cal é a situación de cada quen, que o que saben é que o Concello de Fene na emisora municipal o único que ten contratados era a cinco traballadores e traballadoras, que o resto de xente, polas averigüacións verbais que nestes anos se teñen levado entenden que a súa relación e por EMUGA, con Emisoras Municipais de Galicia, coa rede galega de emisoras que ten a súa sede, segundo os seus estatutos no Concello de Fene, pero que é unha situación que ven de vello e que eles internamente está intentado descifrar e ver cal é realmente, polo tanto o que saiban e cos datos que teñan non teñen ningún problema en os compartir co resto dos grupos políticos para avaliar cal é a situación, pero insiste, que o Concello de Fene só ten contratados a cinco traballadores e traballadoras para o servizo da emisora municipal, que por outra banda son xa máis dos que ten contratados algunha emisora estatal na súa delegación en Galicia.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o sr. alcalde ten moitas débedas pendentes, que tres anos despois non se entera, que aínda non ten o Consello da Radio posto ao día, que dende o BNG, porque ademais partiu dun goberno do BNG, pero non teñen ningún problema en darlle unha volta ao Consello da Radio, que si hai maioría no Pleno por eles non hai problema, nin que en participe un ou outra persoa, que o que queren é que funcione, que como non funciona, se oculta información e se actúa caciquilmente, como non se fai nada con transparencia e de fronte, piden a comparecencia aquí no Pleno, para que isto quede reflectido en acta e que todo o mundo o poida escoitar, xa que o que se fala nunha Comisión Informativa a medias, lamentablemente non chega a ningún sitio, xa que non deixan de ser medias verdades, que indo ao fondo da cuestión e o que máis lles preocupa non se o feito de aforrar uns poucos cartos, xa que se pode falar moito de aforro, dispendio ou mal gasto, pero que eles non queren levar o debate por aí, que queren defender o interés público da radio e que haxa participación e publicidade da sociedade e dos grupos políticos, que representan tamén á sociedade, xa que se non de que vale ter unha radio municipal a medias, que hoxe Radio Fene, practicamente, pon música toda a mañá, da o parte e pouco máis, que non hai os programas que había habitualmente, que a xente agardaba por eles, que non se fala da programación das entidades, da práctica deportiva, que a fin de semana había o programa de máxima audiencia en horario de tarde desta comarca, seguro, por riba das emisoras de ámbito autonómico ou estatal, que iso non se pode borrar de súpeto e dicir que non pasou nada, que non é cambiar unha persoa por outra, que se está a desfacer un elemento de uso público unilateralmente sen dar ningún tipo de explicacións e que eles non comparten iso, por iso lle di ao sr. alcalde de que non se entera de nada, que non pode entender que tres anos despois teña no piso superior ao seu despacho unha radio e non saiba o que se fai nela.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que manifesta que ademais de todas estas cuestións que se faloron tamén teñen a súa inqueda xurídica respecto as relacións de traballo e respecto do Consello da Radio, que só se convocou unha vez, que dende logo esa convocatoria non foi legal, e segundo se fixo aquela se puideron facer moitas outras, xa que ninguén denunciou esa ilegalidade, que moitas veces, por moito que digan os servizos xurídicos desta casa, igual que hai moitos informes negativos de licenzas de obras e lles dan para adiante igual, sen problema ningún, porque hai un interés común de goberno e dende logo, o partido popular non o vai levar ao xulgado pola convocatoria do Consello da Radio.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que insiste en que a función de control se pode exercer perfectamente na Comisión Informativa e que respecto do galimatías da radio poderían comezar porque o BNG explicase o funcionamento desta durante vinte ou vintecinco anos e que a partir de aí poderían ter unha explicación máis clara do que pasa aí arriba, de como están algúns asuntos, van sabendo e descifrando, pero que todo o que descubran o van ir compartindo cos grupos da oposición, que é absolutamente falso que se desmantele a

emisora municipal da radio, que a el que non se lle diga que con tres persoas non pode funcionar unha emisora municipal en Fene para facer as funcións que esixe unha emisora municipal coma a de Fene, que as demais radios municipais de Galicia, aínda que hai de todo, as hai que funcionan con menos persoal e funcionan, e non se fala de pechar a radio, que acaban de asinar un convenio coa Deputación Provincial da Coruña pola que aporta o cen por cento dos cartos necesarios para acabar coa rehabilitación da Casa de Cela na que van a ir as novas dependencias da emisora da radio, polo que aquí ninguén está pechando a radio, aínda que o poderían propoñer, e atrévese a dicir que sería unha medida maioritariamente ben acollida polo pobo de Fene, pero eles sempre defenderon que a emisora de radio era un servizo que estaba aí, que cumpría a súa misión e que eles non a van pechar, que outra cousa é que nun momento determinado no que se teña que reducir cartos ou reducir determinados gastos do Concello, que para eles é máis prescindible, máis fácil e máis coherente reducir cartos en Radio Fene que reducilos en outros servizos municipais, que é diferente a pechar a emisora, que pode funcionar con tres persoas e facer unha programación decente, que outra cousa será que tal e coma está tamén hai que falalo co persoal da emisora, sentarse e falar para facer unha programación coherente.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para dicir que tal e coma están os medios de comunicación deste país hai moitas emisoras que dentro da liberdade de prensa non están controladas e son un perigo porque a información non chega coma debe chegar, que por exemplo no caso desta folga xeral xa estaba fracasada antes de se celebrar, e isto afortunadamente nas emisoras municipais non pasa e lle di ao sr. alcalde que non se pode dicir que nunha programación de trinta e cinco ou trinta e seis horas, coma se viña dando, se poida dar máis participación aos políticos ou ás sociedades e que non se pode manter reducindo o persoal, que ven moito máis rendible para o pobo que os traballadores estean onde deban estar, que cando se fai unha reestruturación o menos que se pode facer é tratar co resto dos grupos políticos e explicarlle á oposición qué se quere facer, non facelo así e atoparse con isto dun día para outro, que el non está para nada de acordo co xeito de proceder, pero que si se trata e non sae a súa idea o ten que aceptar.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que efectivamente o BNG gobernou vinte e cinco anos e cando os veciños consideraron que o BNG non tiña que estar no goberno o BNG saíu do goberno, que o grupo de goberno estivo vinte e cinco anos na oposición e puideron falar na radio do que quixeron e participar no Consello da Radio, que si non o fixeron non foi por unha aptitude antidemocrática nin escapando á participación da xente, xa que o BNG tendo maioría absoluta buscou órganos de participación plural, que podía ter feito outro tipo de radio e non foi o caso, que todo é mellorable e en todo se pode avanzar, que a eles agora lles toca fiscalizar o labor do goberno, non do goberno do BNG, e se vostedes atopan as cousas mal, non sabían como funcionar puideron avisar, que foron incapaces e non fixeron absolutamente nada, que cando fala de que hai radios que con tres persoas funcionan son cuns índices de sobre explotación e cuns salarios que os hai que ver, xa que o sr. alcalde sabe perfectamente, igual que el, que agás as grandes estrelas do xornalismo o resto están en precario total e que só hai que andar pola prensa local para sabelo, pero o que pasa é que cando un xornalista quere traballar disto asume estar en precario por facer un traballo que lle gusta, pero que este non é o debate, que é que aquí non hai participación, que se oculta información e por iso se pide que se compareza neste Pleno, que si o órgano está caducado, pídelle ao sr. alcado que o renove, que é a súa función, que vostedes están no goberno e coma dixo o PP xa o convocaron unha vez e non foron ao xulgado a dicir que non vale, xa que estaban todos e todas e ninguén denuncia algo no que pode participar, aínda que tecnicamente pasara o período de representatividade, coma o Consello Escolar Municipal que se convocou e se volveron a elixir os membros, coma había tanto tempo que non se convocaba, nos outros concelleiros de Participación.

Prosegue dicindo o voceiro do BNG, Manuel Polo Gundín que a concelleira responsable lles dixo en setembro que non fixera a Comisión en agosto porque non había tempo, e o que pasa é que non se tratan os temas, que están gardados nun caixón, que poden ter distintos puntos de vista da programación, incluso da funcionalidade da radio, que eles a entenden na liña que dicía o voceiro do grupo municipal de IU, coma un espazo de participación libre e aberto onde o dono é o pobo de Fene e non un empresario determinado que sinala cómo se ten que falar, aquí non, participan todos e todas, agás no último mes que non houbo determinados programas porque se tomou unha decisión unilateral, que afortunadamente este mes se retomou o programa onde os portavoces municipais teñen unha entrevista, que lle parece hixiénico, democrático e participativo que todo o mundo poida intervir na radio municipal, e lle di ao sr. alcalde que é patético que se queixe neste Pleno de que vostede fai cousas, que se fose así podería falar moito, que vendeu o Muro das Chancas fai un mes cando fixo esa resolución da Alcaldía falsa ou equivocada, que se chame como se queira e que a remitiron á prensa rapidamente, iso si, pero que esa contratación aínda non se fixo, que se vai chegar ao próximo mes coa obra sen adjudicar e que ese é o problema deste Concello, que non anda, e por iso piden esta comparecencia.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que non se queixa para nada de si sae ou non na radio e que en resposta aos métodos caciquís que di que hai invita ao voceiro do grupo municipal do BNG a que compute o tempo que sae o goberno municipal na radio e o que sae a oposición, que durante estes tres anos seguiron participando os voceiros da oposición en igualdade de condicións que o goberno municipal, que se seguirá a facer programación para que participen os distintos grupos políticos e asociacións seguro, que haberá que prescindir de certo tipo de programación a fin de semana, que si, probablemente si, que ese é o verdadeiro recorte que se vai facer na radio, pero non hai porque prescindir de programas coma a Fenestra, nin prescindir de espazos nos que participaban os veciños ou os grupos políticos, xa que hai xente de sobra e recursos para facer esta programación.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que logo de ver a moción non poden esixir que compareza o responsable do BNG das corporacións anteriores, pero si que compareza o responsable do BNG desta lexislatura para dar conta tamén, se algo está mal, respecto deste asunto.

A continuación intervén o sr. alcalde para dicir que non teñen ningunha pretensión de que compareza o BNG, que na súa exposición dirán o que consideren oportuno.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do BNG relativa á comparecencia da Concelleira delegada da emisora municipal, xunto a emenda proposta polo grupo municipal do PP, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), (dos sres/as Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral, Franco Casal e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Sete (7), (dos sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira e Rey Sampayo).

Abstencións: Ningunha.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

Primeiro.- Incluir na orde do día do seguinte pleno municipal o seguinte asunto .- Solicitude de información, á Concellería delegada da radio municipal, relativa aos trocos na mesma.

Segundo.- Informe previo na Comisión sobre o persoal que accede e presta servizos en Radio Fene e a súa situación contractual.

3º.- Rogos e preguntas.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que quere preguntar cando se vai facer o pagamento de parte ou da totalidade dese millón de euros que estaba pendente, correspondente, case todo, a facturas de pequenos provedores, quere saber tamén qué se vai facer nos módulos de Perlío, xa que lle deu a sensación de que había alí material de construción e non teñen ningunha noticia, tamén quere saber si se tomou xa algunha medida sobre o rogo que teñen feito catro ou cinco veces de renovar o Rexistro das asociacións, xa que saben que hai entidades do Concello que aínda están sen rexistrar, xa que o rexistro leva tempo sen se actualizar, que tamén pediron por escrito para que se tratase nunha Comisión o uso da casa que existe no parque Castelao, que vai ter un financiamento importante por parte da Deputación, no que entenden que se pode facer un proxecto importante, útil para a xente e para o Concello, que xa se lles deu unha información urbanística ampla, que non sabe si é certo, que o descoñecen, e engade que lles gustaría participar, xa que o BNG xa tiña algunha idea sobre os usos, nos que se pode coincidir, polo que roga que se debata nunha xunta informativa, nunha xunta de voceiros ou en algún órgano de participación legalmente constituído. Roga tamén que se lles responda as preguntas, que hai moitas, algunhas de antes do verán, outras de despois e que a maior parte delas están sen contestar.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Rita María Couto Seijido, que lle pregunta ao alcalde por unha cuestión social, falada na derradeira Comisión, na que se dixo que se ía iniciar o servizo de atención á muller, coa contratación dun avogado, que comezaría no mes de outubro, a esa Comisión asistiu a coordinadora de Servizos Sociais que manifestou o seu descontento respecto desta contratación e que baixo os seus criterios non era o xeito máis adecuado de prestar este servizo, polo que lle gustaría saber se vai saír adiante esta contratación, se está funcionando xa, si se vai contratar un avogado en contra dos criterios técnicos e se é así, que tipo de contratación se vai usar, si se vai usar un negociado, se van estudar ofertas ou se directamente se vai contratar a esa persoa. Tamén roga ao alcalde para que axilizara os departamentos que teñan que ver coa aprobación das modificacións de axudas de emerxencia que o departamento de Servizos Sociais levou en abril de dous mil dez e a día de hoxe estas modificacións seguen sen estar aprobadas.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal do BNG, Inés Roca Requeijo, que roga para que se contesten aos escritos pendentes, segundo o dito tamén polo seu portavoz, que dentro destes hai algunhas cousas urxentes e roga para que solucionen á maior brevidade coma por exemplo o camiño do Cruceiro, de Maniños, que segue sen arranxarse e está nun estado deplorable. Tamén roga respecto do escrito presentado polos veciños dunha comunidade de veciños da avenida das Pías, que xa faláron en varias ocasións co alcalde e o concelleiro de Obras e Servizos, para a limpeza dun cano que evitaría o risco de inundación dos garaxes, polo que roga que se realice á maior brevidade posible. Tamén roga por unha maior coordinación, cousa dita xa en varios Plenos e Comisións, xa que recibiron críticas dos participantes dun curso que se está a realizar aquí, no Concello, xa que en varias ocasións atoparon as instalacións pechadas, tendo que chamar á Policía Local para que as abriera, noutras ocasións estaban sen colocar e ou limpar, e incluso as atoparon ocupadas por outros

usuarios. Tamén quere preguntarlle ao concelleiro de Obras e Servizos pola situación en que se atopa a subvención da Deputación que quedou deserta no mes de marzo, respecto das dúas cortacéspedes con debrozadora, xa que non saben nada nin se comentou na Comisión si xa se iniciaron os trámites para facer unha nova adxudicación, que caso contrario roga para que se inicien o máis axiña posible.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, que di que ten varias preguntas, á Concellería de Deportes lle pregunta polo motivo do peche que sufriu a piscina municipal durante tres días, tamén quere preguntar polas subvencións que están en trámites do ano dous mil nove e a día de hoxe aínda non foron confirmados os pagamentos ás entidades, polo que pregunta cando se van facer os pagamentos, tamén pregunta pola data na que se van convocar as subvencións do ano dous mil dez, xa que aínda que estean sen pagamento as do ano dous mil nove, é independente unha cousa da outra. Tamén quere rogar respecto das inscricións nas escolas do Concello, xa que houbo moitas queixas polo proceso con que se fixo, que houbo moitas colas, que houbo quen tivo que ir ata tres días para matricular ao neno ou nena en calquera actividade, polo que quere rogar para que mellore o proceso e que isto non volva suceder. Quere rogarlle á Consellería de Medio Ambiente e Parques, xa que esta semana tivo a oportunidade de estar no colexio do Ramo en Barallobre e viu a instalación dun parque que estaba moi ben, que tiña os xogos novos, pero presenta un problema moi importante que é a diferenza de altura entre os distintos xogos, xa que os seus destinatarios son os nenos máis pequenos, polo que, a sabendas de que trocar o mobiliario agora sería excesivamente custoso, roga para facer unha actuación para que se adapten estes xogos. Tamén roga polo rogo feito no anterior Pleno, que non foi atendido, para que se atenda, que consiste en que os traballadores do servizo de limpeza das beirarrúas do Concello depositen as malas herbas e demais lixo en bolsas antes de votalo aos colectores de lixo, xa que estes colectores, ademais de estaren rotos algúns polo fondo, sempre se promoveu por parte do Concello o uso de bolsas de plástico axeitadas.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, que pregunta ao sr. alcalde cando ten pensado entregar as actas da Xunta de Goberno Local ao grupo municipal do BNG, xa que dende o mes de xaneiro non se entregaron máis, polo que roga que se lles remita canto antes. Pregunta ao concelleiro de Obras qué xestións fixo coa Deputación, ou se ten pensado facer algunha, xa que dentro dos Concellos limítrofes Fene é o único que non ten feito desbroces das estradas provinciais. Pregunta tamén sobre si hai algún plan de mantemento dos tellados dos edificios municipais, xa que o tellado da escola unitaria de Magalofes ten tellas ao aire ou levantadas, co risco de que lle caian enriba a alguén. Tamén lle quere preguntar sobre o pintado da estrada N-VI, que na zona urbana, a partir da Porta do Sol cara arriba e sendo a estrada de Fomento, o tramo do Concello de Cabanas está pintado e o lado do Concello de Fene está en peor estado. Pregúntalle á concelleira de Parques se ten pensado establecer algún plan de limpeza de parques, logo do temporal que pasou, si se fixo algo coa xente de xardinería que leva isto, xa que hai algún parque que precisa destes labores, polo que lle roga que o faga.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta dicindo que se dan por enterados dos rogos e sobre as preguntas resposta, respecto do extraxudicial dicindo que o voceiro do BNG sabe que o extraxudicial ten o mesmo trámite que o orzamento, se aproba, se publica logo da aprobación inicial e se non hai ningunha alegación se aproba finalmente e se pode pagar, e tamén sabe que a partir da emenda que o PP e o BNG presentaron no Pleno, que había un par de erratas no concepto das facturas polo que Intervención non sabía exactamente que facturas tiña que pagar e cales non, que demorou un pouco a tramitación e que mañá remata o período de exposición do extraxudicial, e a partir de aí, logo de cumprir os prazos legais poderase proceder ao pagamento das facturas. Respecto dos usos da casa de Cela aclara que había dous proxectos para o seu uso que eran a radio municipal e o xulgado de paz,

respecto do xulgado di que hai varios escritos de veciños que pedían que non se movera de onde está actualmente e se decidiu non o mover e respecto da radio di que gañaría unha instalación propia liberando espazo na casa do Concello, que non teñen ningún problema en falar co resto dos grupos políticos para que aporten as ideas que estimen oportunas, que eles tiñan pensado destinar un espazo para zona de usos múltiples para poder facer conferencias, exposicións ou matrimonios civís e que en todo caso, se hai unha idea mellor que non supoña un incremento no custe de eses douscentos mil euros cos que financia a Deputación, eles non están pechados a iso. Reposta respecto das actas da Xunta de Goberno Local dicindo que xa está falado con actas para que se pasen aos grupos políticos da oposición e que xa está Secretaría traballando niso, que se remitirán canto antes. Respecto do pintado da N-651 quere responder el, xa que di que estivo reunido cos veciños e con Fomento, que dende o mes de agosto hai escritos tamén a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia pedindo a proposta dos veciños dúas cuestións, unha a proposta de pintado de liñas descontinuas para o acceso a camiños e outra, na liña do comentado, de que a día de hoxe o límite urbano de Fene está un pouco máis abaixo do cuartel da Garda Civil, máis alá da gasoleira, pero é evidente que o Concello medrou cara arriba, que é unha zona practicamente igual de poboada e que no plan de urbanismo a zona está cualificada coma urbana, polo que se lle pediu subir o límite do casco urbano ata Chamoso, coa conseguinte limitación de velocidade a cincuenta quilómetros por hora para a seguridade dos peóns que camiñan polas beiravías, xa que non hai beirarrúas e poder tamén prescindir do terceiro carril, xa que non habería adelantamentos e podelo utilizar para facer xiros de entrada e saída dos camiños e habilitar tamén zonas de aparcamento nas beiravías da estrada, que ademais dos escritos hai tamén contactos coa propia Demarcación de Estradas que lle transmiten que están os técnicos revisando a proposta e que en principio non lles parece mal, que están esperando a que lles respondan e unha vez a teñan a compartirán co resto dos grupos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Cultura e Deportes, María del Carmen Silvar Canosa, que resposta respecto dos módulos de Perlío que se están a acondicionar para cederllos aos grupos de ensaio, logo de ver que non estaban en bo estado polo tempo que levan sen funcionamento e que o está a facer persoal do Concello. Respecto do rexistro de entidades o están a actualizar no Departamento de Cultura e Deportes, previa autorización do secretario municipal. En canto a piscina municipal di que o venres día un, detectouse un problema, que foi cando se iniciaron as escolas deportivas, que consistía en que estaba baixando a temperatura da auga e non funcionaba o auga quente nas duchas, detectado o problema se avisou en primeiro lugar ao persoal do Concello para facer unha primeira avaliación aducindo que era un problema do gas, se solicitou unha segunda opinión a unha persoa que levaba algún tempo co mantemento e lles dixo que había que cambiar unha válvula reguladora, que aquí non a había e que a había que pedir fóra de Galicia, que ía tardar uns días, polo que se pediu outra segunda opinión o venres pola tarde, o sábado non se puido arranxar e quedou arranxa a fin de semana, o luns había auga quente no vaso da piscina e nas duchas, que en todo caso se informou aos usuarios e usuarias da piscina. Respecto das subvencións di que sempre se dixo que se pagarían tan axiña coma se aprobase o orzamento e a partir de agora as subvencións que estean debidamente xustificadas se farán o informe pertinente e se poderán pagar.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Servizos Sociais, Rocío Rey Sampayo, que resposta que tal e coma dixo na Comisión o servizo de avogados vaise restablecer en outubro, concretamente se vai manter o mesmo horario, os martes, e que se fará mediante contrato menor.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, José Antonio López Rodríguez para responder respecto da subvención dos cortacéspedes di que é certo que quedou deserto en marzo abril e agora mesmo está aberto outro concurso, que o asunto

está en Secretaría e que xa están remitidas as invitacións ás empresas para que presenten ofertas. Respecto das xestións coa Deputación estivo a falar con eles sobre o seu Plan de Conservación en Fene deste ano que vai moi retrasado, que se comezaron a facer algunhas cousas, e dende xuño cara aquí se mantiveron contactos con eles. Respecto do mantemento dos tellados non hai un plan, di que está coa piscina de San Valentín con problemas, a escola de Magalofes e para este mes ou ao longo do mes que ven abordarán estes problemas.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Medio Ambiente, Parques e Xardíns, Amalia García Balado, quen resposta que se lle deu unha volta a todos os parques, agás o de Magalofes ao que se irá mañá, que o que teñen é moita folla caída.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que quere facer un rogo respecto dos garaxes de Mercadona en San Valentín, que xa se falou hai un ano, de separar pluviais e fecais ou si é que hai algunha filtración ou retroceso de augas, que en todo caso a concellería xa ten coñecemento disto porque xa se fixera a pregunta e o rogo vai neste sentido, que e é unha situación semellante ao aliviadeiro da praia de río Castro que cando rebose as augas retroceden. Di que na Comisión preguntaron por si había contrato de lacería e se lles dixo que si, pero eles ven con preocupación que as veces se fan cargo dos cans o persoal de Protección Civil e se levan á nave de Magalofes, segundo unha información que lles chegou, polo que queren que se matice ben si este contrato está en vigor ou si é Protección Civil que fai estas tarefas. Pregunta tamén polo tema do subministro de enerxía eléctrica ás sindicais, que se antes había problemas agora está duplicados, di que ten que haber algún problema de base, e roga para que algún persoal técnico do Concello poida informar disto ou se non a propia empresa que renovou a planta, pero o certo é que estiveron tres días sen luz, e isto é a partir da entrada en funcionamento do alumeadado da praza polo que roga para que se tomen medidas. Tamén quere preguntar pola ampliación do Instituto de Barallobre, que se lles dixo que a culpa era toda da Xunta de Galicia e esta di, pola súa banda, que é o propio Concello o que ten sen inscribir no rexistro da propiedade a cesión, como no caso da escola infantil, e se na contestación que se lle dea se lle di que non é certo e que o documento da cesión do instituto está debidamente inscrito, pide copia dese documento. Di que saben que se mandou o comunicado da reunión da asociación de veciños de San Marcos, Magalofes e Sillobre ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e quere saber si hai algunha resposta no Concello a eses requirimentos. Di que lles dixeron en Comisión ou en Pleno o mes pasado que volvía haber uns atrancos administrativos no tema das obras das beirarrúas de Barallobre e que se habían resolto, pero se non se equivoca di que as obras aínda non comezaron polo pregunta por elas. Queren saber si se recepcionou o saneamento do Valado, xa que lembra que hai dous anos ou así non se recepcionaba porque as tapas dos sumidoiros filtraban escorrentías ou canos de auga, e parece ser que iso se solucionou, pero quere saber como está. Respecto do centro de día que se está acondicionando preto dos módulos para os grupos de ensaio, queren saber si eses terreos nos que se cederon á Xunta e constan en título de rexistro da propiedade, e se é así solicitan copia dese documento, xa que non ten inconveniente ningún en facer as xestións precisas para que ese centro de día veña para Fene. Roga para que se limite o gasto na reposición de Lavanda instalada na mediana das Pías, no caso de que se teñan que repoñer estas plantas. Tamén roga para que a empresa que se encargue da poda das árbores teña en conta de facer primeiro a zona que coincide coas fiestras das casas. Roga para que o colector de cartón que está na entrada de Marqués de Figueroa sexa repostado por outro de máis capacidade, xa que está sempre cheo, e recorda o tema do olor dos colectores grandes, xa que se repetiu ao longo deste verán. Roga para que se estude a posibilidade para que os técnicos locais ou a Policía Local logre que en Fene teña unha zona de carga e descarga, xa que os camións aparcan no espazo reservado á parada do bus e este para no medio da calzada.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta, segundo o falado na mancomunidade deste tema, dicindo que o servizo de lacería segue exactamente coma estaba, pero é certo que a empresa lles remitiu a súa advertencia de posiblemente teña que deixar de prestar o servizo por outros contratos que teñen noutros lugares, e que si se dá o caso o falarán e o informarán segundo sexa oportuno, di que en todo caso non coñecen do traslado de ningún can por parte de Protección Civil a San Marcos, pero que o averiguarán. Respecto do IES, no verán houbo unha xuntanza solicitada polo Concello na Consellería de Educación, xa que en Pleno xa pasou a desafección e cesión de terreos, e xa a anterior Xunta lles había contestado que estaba todo ben pero que necesitaban que esa franxa de terreo que está ao lado do instituto se segregase ou se agregase a outra parcela, que logo de o estudar no Concello se soubo que no seu día se cederon tantos metros cadrados á Xunta de Galicia para a construción do Instituto e non se segregaron, que se faría a segregación agora, pero apareceu o problema de que as escrituras de compra da parcela non se axustan por moito aos da parcela, a escritura ten máis metros que a parcela do instituto polo que se fixo unha medición nova da parcela, pola que se modifican as superficies e se lle remitiu á Xunta, practicamente pola época do cambio do goberno, e dende que goberna o PP houbo unha xuntanza o ano pasado á que foi coa ANPA de San Valentín, do colexio da Xunqueira, no que se sacou este asunto, que se lles explica que o Concello ten todo feito para facer a obra e lles din que o teñen que mirar, que pasa o tempo e que hai, posteriormente, unha chamada para dicirlles que todo está ben, polo que é cando se pediu, xunto co instituto e unha representación dos pais unha xuntanza co director xeral, que lles di que a obra custa un millón de euros, que non hai crédito neste momento, que non van poder poñer o cen por cen do crédito nos orzamentos deste ano pero que de aquí a final de ano chegan ao seguinte acordo, o de estudar incorporar a realización do instituto nos orzamentos e o Concello de Fene escriturará eses terreos e llos cederá á Xunta de Galicia, e Fene terá escriturados eses terreos e a Xunta deberá meter nos orzamentos polo menos a metade do orzamento, uns cincocentos mil euros.

Prosegue dicindo o alcalde, respecto da auga de Magalofes, San Marcos e o saneamento de San Marcos di que o conselleiro Agustín Hernández contestou no día de onte, que entrou no rexistro a negativa matizada de que esa cantidade de cento oitenta mil euros que o Concello se compromete a aportar e logo de ver os recortes ca Xunta, lles pide un maior esforzo económico para facer a obra, que cifra o importe no vinte por cento do custe da obra, e el pode avanzar que lle parece absolutamente desproporcionado, xa que estaba prevista que a asumise a Xunta por completo e Fene xa paga os proxectos construtivos, xestiona os terreos e os paga e coa Deputación da Coruña negocian o desdobre da auga en Magalofes, que en todo caso eses cento oitenta mil euros, que son insuficientes verán cos veciños e veciñas e os grupos políticos qué facer, que a Xunta contestou que non, di tamén que á solicitude de xuntanza con conselleiro non contestou. Respecto das beirarrúas de Barallobre di que hoxe tiveron un contacto coa empresa adjudicataria que lles dixo que o mércores comezarán as obras. Respecto do centro do día di que é evidente que sobre os terreos dos módulos xa viñeron a este Pleno e xa se faláron deles, se decidiu cambiar o seu uso para poder facer o centro de día e o que non vai facer o Concello de Fene é escriturar os terreos á Xunta de Galicia sen polo menos ter o compromiso de facer o centro de día, primeiro é saber si o queren facer ou non, a pesar de que el xa tivo dúas xuntanzas unha coa secretaria xeral de Familia e outra co anterior director presidente do Consorcio Galego de Servizos Sociais e lle dixeron que no contexto da creación da Axencia de Servizos Sociais, que se vería a posibilidade se houberse orzamento, pero que ata que a Xunta diga que si non se lle vai regalar un terreo que se pode destinar a outros usos, se poderá escriturar este terreo e posteriormente rexistralo, xa que é un terreo municipal que non presenta problema ningún.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, José Antonio López Rodríguez para responder respecto do subministro eléctrico nas vivendas sindicais é certo que estiveron tres días sen luz, se están a revisar os centros no contorno da praza

Verde e segundo lle pasen o informe os técnicos, na próxima Comisión dará conta, igual que respecto do saneamento do Valado, que tamén se dará conta na vindeira Comisión.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para rogar que se revise o paseo de San Valentín xa que logo do paso do temporal hai algún desperfectos, así como as inundacións que houbo nas casas, preto do paseo, da avenida do Mar. Respecto do río Cádavo di que estivo anegado, sobre todo o lado esquerdo, polo que roga que cando se fagan os desbroces do devandito río, se teña a precaución de non os deixar ir cara o río. Tamén roga para que se peche a porta do transformador que hai preto da Xunqueira que está aberta. Roga para que se revise o funcionamento e a instalación do semáforo que está en Perlío, preto da Farmacia. Pregunta respecto da reunión que houbo con Tráfico en Coruña, que temas se trataron e que se sacou en claro.

De seguido intervén o sr. alcalde que di que toma nota dos rogos e saliente que esta semana se lle recordou ao servizo de mantemento que ao desbrozar o río retiren todo para o levar, que aínda así se lles volverá avisar desto.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro delegado de Seguridade Ciudadá, Juan Manuel Lourido González, que responde respecto do semáforo di que xa se había falado del noutro pleno, que se había mirado e polo visto volve pasa o mesmo, volverán revisalo e arranxalo. Di que respecto da reunión con Tráfico tratáronse a apartación de bicicletas para o parque de educación vial, tamén se falou de ter información do radar, dos quilómetros e outros, di que tamén se está a traballar nun convenio único para asinar cos Concellos, para que estes se adscriban e aí será onde se lles dea esa información da que falaba.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión sendo as 20:16 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

A secretaria accidental,

Iván Puentes Rivera

Sonia Corral Corral